*§ Plano nº 4: Xeolóxico.*
*§ Plano nº 5: Vexetación actual.*
*§ Plano nº 6: Medio perceptual.*
*§ Plano nº 7: Patrimonio cultural.*
*§ Plano nº 8: Unidades ambientais.*

*Todos os planos incluídos están asinados polo técnico responsable da súa elaboración, deixando constancia tamén da súa titulación e acreditando o seu coñecemento na materia, tal e como se solicita no oficio remitido pola SXCAA da CMATI.*

*12. Anexos:*

*§ Anexo nº 1: Contestacións de consultas previas.*
*§ Anexo nº 2: Reportaxe fotográfica.*
*§ Anexo nº 3: Datos urbanísticos.*

*IV. CONCLUSIÓNS*

*O Estudo de Impacto ambiental presentado da cumprimento ao contido especificado no artigo 7 do R.D.L. 1/2008, do 11 de xaneiro, e no artigo 3 do Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia, ademais de ter en conta o resultado das consultas realizadas, antes referidas, en virtude do artigo 8 do R.D.L. 1/2008. Dado que ademáis tamén dase cumprimento ao artigo 11 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, polo que se debe incluir un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística co contido que se especifica no apartado 2 do citado artigo 11, considérase suficiente a documentación aportada para iniciar o procedemento de aprobación inicial do expediente de referencia."*

*III.- Tramitación técnica do proxecto de urbanización*

*a) O Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas dos Servizos Técnicos da XMU, emitiu informe o 06.09.2010 no que identifica unha serie de deficiencias existentes no proxecto, relativas ao saneamento, abastecemento, muros, pavimentos, canalizacións de servizos, soterramento de liñas, e á sinalización vertical e horizontal, xuntando ao mesmo os informes seguintes informes dos servizos municipais:*

- *o 19.07.2010, o Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns emitiu informe sinalando as deficiencias existentes no proxecto respecto da definición e emprazamento da vexetación, das instalacións de rega de zonas verdes e arborado de rúa, das especies arbóreas a plantar, no tocante á adecuación das obras de xardinería ao regulamento técnico municipal, e na dotación de bancos ao longo da beirarrúa*
- *o 22.07.2010, o Xefe dos Servizos Electromecánicos emitiu informe polo que sinalaba unha serie de deficiencias a emendar no proxecto, relativas á instalación de alumeado público.*
- *o 03.08.2010, o Xefe do Servizo de Limpeza emitiu informe relativo ás deficiencias advertidas no tocante á instalación de papeleiras, bocas de rego e colectores de residuos*

*b) En atención ás deficiencias expostas, a interesada presentou o 16.11.2010 un escrito (DOC. 100146241) referente ao muro de contención do límite sur do ámbito, deixando sen emendar o resto de deficiencias, segundo se fai constar no informe do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas de 13.12.2010.*

*A interesada completou a documentación solicitada por escrito presentado no rexistro da XMU o 28.12.2010 (DOC. 100168748).*

*c) O 01.07.2011, o Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas emitiu informe nos seguintes termos:*

*"El 06/05/2010 Ana María Borges Chamorro en nombre de la Junta de Compensación APR A-3-37 TOMÄS PAREDES presenta para su tramitación el proyecto de Urbanización del APR A-3-37 TOMÄS PAREDES, que desarrolla la unidad APR A-3-37. Este proyecto ha sido Redactado por los Arquitectos Gabriel Santos Zas y Cesáreo Padrón Conde, con visados de 03/05/2010, 27/12/2010 una vez introducidos los ajustes solicitados.*

*A los efectos fiscales que corresponda, El presupuesto de ejecución Material asciende a la cantidad de 657.956,28€ y el presupuesto de Ejecución por Contrata asciende a la cantidad de 923.902,22€ por lo que de acuerdo con las vigentes NN.UU., deberán presentar un Aval polo 100% del P.E:C. a la aprobación definitiva, si lo que se pretende es simultanear las obras de edificación con las de urbanización.*

*El ámbito de la actuación es de 12.666 m2, de los cuales 1.226 m2 corresponden al nuevo vial (este/oeste) que conecta la calle tomas paredes con la calle Pardaiña, 1500 m2 y 389 m2 corresponden a dos parcelas de zona verde de uso público, una parcela de 780 m2 de cesión al ayuntamiento para vivienda protegida y el resto de la superficie corresponde a parcelas de la junta de compensación destinadas a vivienda libre (4695 m2) y a vivienda protegida (1220 m2.).*

*La urbanización dispone de todos los servicios urbanísticos habituales en la ciudad: rede separativa de saneamiento, abastecimiento de agua y riego, alumbrado público, gas telecomunicaciones, energía eléctrica, mobiliario urbano y colectores de recogida selectiva de RSU.*

*El proyecto cumple con las vigentes NNUU del PXOM, con los artículos 67 al 70 el RPU, con el decreto 35/2000 de accesibilidad. Se adjuntan informes favorables de los servicios municipales de Montes parques y jardines, electromecánicos y Limpieza.*

*Cabe mencionar que la parcela de cesión municipal destinada a vivienda se deberá explanar hasta conseguir su rasante definitiva con cargo a las obras de urbanización.*

*Para el comienzo y posterior recepción de las obras se seguirá el Protocolo de actuación para o seguimiento e recepción das obras de urbanización de iniciativa privada no Concello de Vigo BOP 17/11/2009(colgado en la página web del ayuntamiento).*

*El acuerdo de aprobación inicial así como el periodo de exposición pública se notificará a las empresas Gas Natural Fenosa, Aqualia, Telefónica, R y a los propietarios de los terrenos incluidos en el ámbito."*

*Xunta ao seu informe os seguintes informes favorables dos servizos municipais:*

- *informe do Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 09.02.2011, no que manifesta que os camiños en xabre das zonas verdes non deberán superar o 5% de pendente e as correccións oportunas no caso de que a superen, así como a insuficiencia dos emisores de rega nas zonas verdes*
- *informe do Xefe do Servizo de Limpeza, de08.01.2011, no que manifesta todos os aspectos do proxecto competencia dese servizo son correctos, sinalando que a situación concreta dos colectores e papeleiras será indicada por ese departamento durante a execución das obras*
- *informe do Xefe dos Servizos Electromecánicos, de 31.01.2011, no que manifesta que non existe inconveniente en acceder á instalación solicitada, efectuando unha serie de precisións ao respecto*
- *informe da Enxeñeira Técnica Municipal da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.- NORMATIVA EXAMINADA*

- *Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; Boletín Oficial do Estado -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLS 2008)*
- *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)*
- *Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE n.º 27, de 31.01.1979 (RXU)*
- *Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia; DOG n.º 32, de 17.02.1999 (RDUG)*

- *Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE n.º 175, de 23.07.1997 (RLHU)*
- *Real decreto lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos; BOE n.º 23, de 26.01.2008 (LAIAP)*
- *Decreto 442/1990, de 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia; DOG n.º 188, de 25.09.1990*
- *Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente; BOE n.º 102, de 29.04.2006*
- *Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; DOG n.º 139, de 18.07.2008*
- *Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG n.º 94, de 16.05.2007 )*
- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público; BOE n.º 261, 31.10.2007 (LCSP)*
- *Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP; BOE n.º 118, de 15.05.2009*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas; BOE n.º 257, de 26.10.2001 (RXLCAP)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)*
- *Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)*
- *Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; BOE n.º 305, de 22.12.1986 (ROF)*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)*
- *Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)*

*II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

*A) Obxecto do informe*

*Constitúe o obxecto do presente expediente a aprobación inicial do proxecto de urbanización da «AOD APR A-3-37 TOMÁS PAREDES 1», que foi declarado suxeito a avaliación de impacto ambiental polo órgano autonómico competente.*

*Obra no expediente ademais do proxecto técnico de urbanización, redactado polos arquitectos D. Gabriel Santos Zas e D. Cesáreo Padrón Conde, o estudo de impacto ambiental redactado polo enxeñeiro D. José Antonio González Ferreira, a arquitecta D.ª Aranzazu Paz López, o enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Javier Centeno Ameijeiras, o arqueólogo D. Eduardo-Breogán Nieto Muñiz, e a enxeñeira técnica D.ª Suevia González Lorenzo.*

*A suficiencia do proxecto de urbanización e do estudo de impacto ambiental para proceder ao trámite de aprobación inicial consta no expediente por informes do Enxeñeiro Técnico de OO.PP. dos Servizos Técnicos da XMU, de 01.07.2011, e da Técnica de Medio Ambiente da Oficina de Planeamento e Xestión da XMU, de 27.06.2011.*

*B) Tramitación*

*1.- O art. 110.4 da LOUGA dispón que o proxecto de urbanización deberá ser aprobado inicialmente polo órgano municipal competente e sometido ao trámite de información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no BOP e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o proxecto definitivamente, de ser o caso, coas modificacións que resultasen pertinentes.*

*2.- Polo que respecta ao estudo de impacto ambiental, segundo establece o art. 9 da LAIAP, e o art. 5 do DAIAG, exporase ao público nas dependencias da XMU durante 30 días hábiles, logo de anuncio publicado no DOG, e simultaneamente consultarase ás Administracións públicas previamente consultadas en relación coa definición da amplitude e nivel de detalle do estudo de impacto ambiental, que serán, segundo consta no oficio de 07.01.2011 de Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, os seguintes:*

- *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural*
- *Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública*
- *Dirección Xeral de Sustentabilidade e Paisaxe*
- *Augas de Galicia*
- *Concello de Vigo*

*O resultado do trámite de información pública e os informes recabados remitiranse ao órgano ambiental xunto co proxecto técnico e o estudo de impacto ambiental, a fin de que se formule a correspondente Declaración de Impacto Ambiental.*

*3.- Porén, por previsión expresa do art. 9.1 da LAIAP, en relación co art. 5 do DAIAG, acorde co principio de celeridade recollido no art. 75 da Lei 30/1992, a XMU someterá o estudio de impacto ambiental, dentro do procedemento aplicable para a autorización ou realización do proxecto ao que corresponda, e conxuntamente con este, ao trámite de información pública e demais informes que se establezan no mesmo.*

*Polo tanto, procede someter o proxecto de urbanización e o estudo de impacto ambiental ao trámite de información pública conxuntamente por período de 30 días, contados a partir do anuncio que se publicará no DOG nos termos do art. 9 da LAIA (por esixencia do art. 5 do DAIAG) e no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia (por esixencia do art. 110.4 da LOUGA); simultaneamente coa apertura do período de exposición pública, formularase consulta -con expreso requirimento dos informes complementarios a que houbese lugar- aos organismos autonómicos indicados no apartado anterior.*

*C) Condicionantes do proxecto de urbanización*

*De conformidade co informe do Enxeñeiro Técnico de OO.PP. dos Servizos Técnicos da XMU de 01.07.2011, detallanse os seguintes condicionantes:*

- *no caso de que o promotor pretenda simultanear as obras de edificación coas de urbanización, no momento de aprobación definitiva debe constituírse aval polo 100% do orzamento de execución por contrata, que ascende a 923.902,22€*
- *a parcela de cesión municipal destinada a vivenda deberá explanarse ata conseguir a súa rasante definitiva con cargo ás obras de urbanización*
- *polo que respecta ao seguimento e recepción das obras de urbanización, estarase ao disposto na normativa xeral aplicable (art. 110.5 LOUGA e 218 LCSP) e, en particular, ao previsto nas NN.UU. do PXOM (Capítulo 4.3) e no «Protocolo de actuacións para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo», aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 14.09.2009 e publicado no BOP nº 222 do 17.11.2009*
- *en todo caso, para que o Concello reciba as obras de urbanización e poida comezar o cómputo do prazo establecido no art. 110.5 da LOUGA, será preceptiva a presentación dun informe redactado por unha empresa cualificada sobre control de calidade, que recolla os informes parciais e as conclusións finais das obras, nos termos establecidos no Título VII («Normas xerais de ordenación e urbanización») do PXOM.*

*D) Condicionantes do proxecto de compensación*

*O ámbito de ordenación A-3-37 TOMÁS PAREDES no que se comprende o presente proxecto de urbanización, ten cargas urbanísticas imputadas para o financiamento das infraestruturas que lle corresponden segundo o PXOM, recollidas no seu propio proxecto de compensación -exp. 4916/401, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30.08.2010- que deberán ser sufragadas pola Xunta de Compensación.*

*Segundo se detalla no informe do Xefe dos Servizos Técnicos da XMU de 27.11.2008 (exp. 17/403), ao ámbito correspóndelle as seguintes cargas, sen prexuízo de que serán os proxectos que ulteriormente se redacten e liquiden os que definan o custe real dos investimentos necesarios:*

| | Carga Urbanística | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Sistema** | **Abastecemento** | **Residuais** | **Pluviais** | **(PEC+IVE)** |
| SX-AG1 | 2,05 €/m2 | | | 26.752,50 |
| SX-AG2 | 3,46 €/m2 | | | 44.688,22 |
| SX-RES1 | | 1,51 €/m2 | | 19.705,50 |
| SX-RES2 | | 0,80 €/m2 | | 10.440,00 |
| SX-PLU1 | | | 0,09 €/m2 | 1.174,50 |
| SX-PLU2 | | | 4,12 €/m2 | 53.766,00 |
| SX-EL1 | - | - | - | - |
| SX-EL2 | - | - | - | - |
| | Total: | | | 156.526,72 € |

*Sen prexuízo do custe definitivo, indícase que o IVE repercutido sobre o orzamento de execución por contrata que se indica como incluído na táboa anterior, era ao tipo vixente na data de redacción do informe (16%).*

*A este respecto, é preciso ter en conta que desde xullo de 2010 se incrementou en dous puntos porcentuais até o tipo actual do 18%, en virtude da modificación do art. 90.2 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto do valor engadido, efectuada polo art. 79 da Lei 26/2009, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2010.*

*Polo tanto, deberán efectuarse os cálculos oportunos a fin de que se adecúen á normativa fiscal vixente no momento de pago.*

*E) Competencia*

*A competencia para aprobar, inicial e definitivamente, o proxecto de obras ordinarias de urbanización corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no art. 127.1.d) da LBRL; porén, a aprobación definitiva requirirá a previa Declaración de Impacto Ambiental favorable emitida polo órgano ambiental, de conformidade co disposto no art. 5.4 in fine do DAIAG.*

*III.- PROPOSTA*

*En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, en especial o art. 110.4 da LOUGA, o art. 9 da LAIAP e o art. 5 do DAIAG, proponse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte:*

*«ACORDO*

*PRIMEIRO:* *De conformidade cos informes do Enxeñeiro Técnico de OO.PP. da Xerencia Municipal de Urbanismo de 01.07.2011, e da Técnica de Medio Ambiente da Oficina de Planeamento e Xestión de 27.06.2011, aprobar inicialmente o «PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA AOD APR A-3-37 TOMÁS PAREDES 1», promovido pola Xunta de Compensación do ámbito de referencia, cun orzamento de execución por contrata de 923.902,22€, condicionado á constitución dun aval bancario polo 100% da citada*

*cantidade antes da aprobación definitiva do proxecto, e na súa execución á explanación da parcela de cesión municipal destinada a vivenda ata conseguir a súa rasante definitiva, con cargo ás obras de urbanización; así mesmo, a Xunta de Compensación debera sufragar con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de urbanización as cargas urbanísticas imputadas provisionalmente á «AOD APR A-3-37 TOMÁS PAREDES 1», sen prexuízo da súa ulterior liquidación definitiva.*

*SEGUNDO: Someter a información pública o estudo de impacto ambiental e o proxecto técnico de urbanización polo prazo de 30 dias hábiles, mediante a publicación de anuncios no DOG, no BOP e nun xornal dos de maior circulación na provincia, notificando a súa apertura aos propietarios de terreos comprendidos dentro do ámbito a ás mercantís subministradoras de servizos "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "Aqualia, S.A." e "Gas Galicia S.A.".*

*Simultaneamente, formularanse consultas respecto do estudo de impacto ambiental, con expreso requirimento dos informes complementarios a que houbese lugar, aos seguintes organismos: Dirección Xeral de Patrimonio, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Dirección Xeral de Sustentabilidade e Paisaxe, Augas de Galicia e Concello de Vigo*

*TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo ao interesado e aos propietarios dos terreos incluídos no ámbito, e dar conta del aos servizos municipais de Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Mobilidade, Transportes e Seguridade, OSPIO, e tamén ás empresas "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "Aqualia, S.A." e "Gas Galicia S.A."».*

*O presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.*

O Consello da Xerencia de Urbanismo, con data 30.09.11, por maioría acorda someter á Xunta de Goberno local a proposta contida no precedente informe.

Acordo
A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: De conformidade cos informes do Enxeñeiro Técnico de OO.PP. da Xerencia Municipal de Urbanismo de 01.07.2011, e da Técnica de Medio Ambiente da Oficina de Planeamento e Xestión de 27.06.2011, aprobar inicialmente o «PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA AOD APR A-3-37 TOMÁS PAREDES 1», promovido pola Xunta de Compensación do ámbito de referencia, cun orzamento de execución por contrata de 923.902,22€, condicionado á constitución dun aval bancario polo 100% da citada cantidade antes da aprobación definitiva do proxecto, e na súa execución á explanación da parcela de cesión municipal destinada a vivenda ata conseguir a súa rasante definitiva, con cargo ás obras de urbanización; así mesmo, a Xunta de Compensación debera sufragar con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de urbanización as cargas urbanísticas imputadas provisionalmente á «AOD APR A-3-37 TOMÁS PAREDES 1», sen prexuízo da súa ulterior liquidación definitiva.

SEGUNDO: Someter a información pública o estudo de impacto ambiental e o proxecto técnico de urbanización polo prazo de 30 dias hábiles, mediante a publicación de anuncios no

DOG, no BOP e nun xornal dos de maior circulación na provincia, notificando a súa apertura aos propietarios de terreos comprendidos dentro do ámbito a ás mercantís subministradoras de servizos "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", “Aqualia, S.A.” e "Gas Galicia S.A.".

Simultaneamente, formularanse consultas respecto do estudo de impacto ambiental, con expreso requirimento dos informes complementarios a que houbese lugar, aos seguintes organismos: Dirección Xeral de Patrimonio, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Dirección Xeral de Sustentabilidade e Paisaxe, Augas de Galicia e Concello de Vigo

TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo ao interesado e aos propietarios dos terreos incluídos no ámbito, e dar conta del aos servizos municipais de Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Mobilidade, Transportes e Seguridade, OSPIO, e tamén ás empresas "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", “Aqualia, S.A.” e "Gas Galicia S.A."».

**20(1150).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 51.138,56 € A FAVOR DE EMPRESA SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. UTE POLA REALIZACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DO VERBUM. EXPTE. 1865/340.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.09.11, o informe xurídico do 5.10.11, e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Museo Verbum, do 15.09.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo que figura na factura 3609L180010 que se achega ao expediente, por un importe de 51.138,56 €, a favor de Securitas Seguridad España S.A, UTE con CIF: U 83643338 que deben ser imputados á Partida 3331.227.01.01 “Servizos de seguridade”.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da Securitas Seguridad España, S.A.UTE, CIF U 83643338, por un importe total de 51.138,56 €, en concepto de prestación do servizo de vixilancia do Verbum durante o período 01/05/2011-31/08/2011, con cargo á Partida 3331.227.01.01 “Servizos de seguridade”

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España, S.A. UTE, con CIF U 83643338, a factura 3609L180010 por un importe de 51.138,56 €, que deben ser imputados a Partida 3331.227.01.01 “Servizos de seguridade”.

**21(1151).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 69.752,14 € A FAVOR DE EMPRESA DE SERVIZOS SECURITAS S.A. POLA REALIZACIÓN DO**

**SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO E COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES DE VERBUM. EXPTE. 1866/340.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.09.11, informe xurídico do 5.10.11, e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Museo Verbum, do 15.09.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo que figura na factura 2609X100206, que se achega ao expediente, por un importe total de 69.752,14 € a favor de Servicios Secúritas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á Partida 3331.227.99.05 "Servicios de Atención ao público".

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Secúritas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 69.752,14 €, en concepto de prestación do servizo de atención ao público e coordinación de actividades do Verbum durante o período 01/05/2011-31/08/2011 con cargo á Partida 3331.227.99.05 "Servicios de Atención ao público".

3º.- Pagar á empresa Servicios Secúritas SA con CIF: A 28986800, a factura 2609X100206 por un importe total de 69.752,14 €, con cargo á Partida 3331.227.99.05 "Servicios de Atención ao público".

**22(1152).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 28.401,37 € A FAVOR DE EMPRESA SAMYL S.L. POLA REALIZACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA NO VERBUM. EXPTE. 1867/340.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.09.11, informe xurídico do 5.10.11, e de acordo co informe-proposta do director administrativo do Museo Verbum, do 15.09.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo que figura na factura C/110154 que se achega ao expediente, por un importe total de 28.401,37 €, a favor da empresa Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.) con CIF: B 47037577 que deben ser imputados a Partida 3331.227.00.00 "Limpeza de dependencias".

2º.- Recoñecer a obriga a favor da empresa SAMYL, S.L.,CIF: B 47037577, por un importe total de 28.401,37 €, en concepto de prestación do servizo de limpeza do Verbum durante o período 01/05/2011 ao 31/08/2011, con cargo á partida 3331.227.00.00 "Limpeza de dependencias".

3º.- Pagar a SAMYL, S.L., CIF: B 47037577, as facturas C/110154, por un importe total de 28.401,37 €, con cargo a partida 3331.227.00.00 "Limpeza de dependencias".

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**23(1153).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE DOUS SUBALTERNOS PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 22376/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 4.10.11, e de acordo co informe-proposta do técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, do 27.09.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. - Declara-la urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación contidas no escrito de data 8 de setembro de 2011 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 20.512,24€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

2º.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, á D. JUAN LUIS GALLEGO RAMOS, DNI 53.171.164-V e Dª. ANA MARTA RIAL BARBARÁ, DNI 36.075.099-J, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluidas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2005, de conformidade coas bases xerais da mesma.

3º.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, subalterno/a, sendo adscritos ao Servizo de Educación (cód. 332)”.

4º.- A xonada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

5º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**24(1154).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC PARA A ORGANIACIÓN; BASES DE PARTICIPACIÓN DAS "XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS". EXPTE. 4292/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.09.11, o informe de fiscalización do 4.10.11, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas, do 26.09.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión de Promoción Cultural e pola concelleira delegada da Área de Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc (CIF G-36.892.271) para a organización das XII Xornadas de música e danza tradicionais galegas.

2º.- Aprobar as bases de participación das ditas Xornadas, que figuran como Anexo I ó convenio.

3º.- Facultar á concelleira de Festas para asinar o convenio.

4º.- Autorizar un gasto por importe de 25.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación Cultural Interfolc, con cargo á partida presupostaria 3380.489.0008 (Convenio Interfolc – Xornadas de música e danza tradicionais) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2011.

5º.- Autorizar o primeiro pagamento anticipado de 12.500,00 euros, a través da conta de habilitación FESTAS (2080.0000.77.0040277241).

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DAS "XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS"

*Na Casa do Concello de Vigo, a de de dous mil once*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, dona Isaura Abelarias Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións.*

*Doutra, don Emilio Sotelino Domarco, como presidente da Asociación Cultural Interfolc, CIF nº G-36.892.271 e enderezo social en Vigo, na rúa Tomás A. Alonso 29 - 5º esq, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 4292/335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Asociación Cultural Interfolc ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: difundir o folclore; defender e conservar a difusión da danza autóctona de Galicia; organizar festivais; propagar o nome de Galicia a través das súas danzas e música; o estudo, investigación e arquivo de datos folclórico-culturais.*

*II.- Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0008, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 25.000,00 euros, a favor da Asociación Cultural Interfolc.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución das XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS, que terán lugar os días 30 de outubro e 19 e 27 de novembro, no Centro cultural de Valadares.*

*V.- Que a Asociación Cultural Interfolc non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 4292/335.*

*VI.- Que no ano 1999 as asociacións folclóricas fundadoras da Asociación Cultural Interfolc trasladaron ao Concello de Vigo o seu interese en organizar e recuperar as "Xornadas de danza e música tradicionais galegas", que se viñan realizando na cidade de Santiago de Compostela, baseándose na importancia da nosa cidade no terreo do folclore popular e tendo en conta que aglutina a un elevado número de grupos en constante desenvolvemento.*

*VII.- Que as xornadas veñen tendo lugar dende o ano 1999 con enorme éxito, tanto dende o punto de vista organizativo como de participación de grupos de toda Galicia.*

*VIII.- Que as bases de participación no festival como anexo ó presente convenio, para seren aprobadas xunto a el.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Cultural Interfolc, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

*PACTOS*

*Primeiro.- A Asociación Cultural Interfolc comprométese a colaborar coa Concellería de Festas do Concello de Vigo en canto á programación, organización e execución das XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS e, concretamente, a:*

*1. Ocuparse de todo o referente á organización, realización e execución das xornadas. Establécese a seguinte composición do Comité organizador das Xornadas:*

- *3 membros da Asociación Cultural Interfolc;*
- *1 técnico do servizo de Festas do Concello de Vigo.*

*Os responsábeis do Comité organizador estarán en permanente contacto con todo o persoal da organización, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella. Periodicamente, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de estabelecer os criterios organizativos para estes eventos, mediante entrega de información escrita precisa acerca do plan de organización que deberán executar.*

*2. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes nas xornadas, así como da selección das 12 agrupacións de entre todas as solicitudes de inscrición recibidas.*

*3. Contratar ao seu cargo todos os elementos para o desenvolvemento das xornadas: material gráfico (500 carteis, 300 trípticos dos grupos participantes, 4.000 programas de man cos repertorios de actuacións), diplomas e medallas... De todos os modos deberán presentar as probas dos distintos elementos gráficos para obter a conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Animación sociocultural antes da súa edición definitiva.*

*4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento das xornadas.*

*5. Asumir todos os gastos que se deriven da programación, realización e execución das xornadas, incluídos os referentes ao catering para os participantes, gastos de dúas agrupacións invitadas, dereitos de autor e calquera outro necesario para o seu bo desenvolvemento. Así mesmo, serán os únicos responsábeis de realizar os pagamentos ás agrupacións participantes, segundo o estipulado nas bases de inscrición en concepto de premio e de gastos de transporte.*

*6º.- Ter subscrita unha póliza de seguro de responsabilidade civil, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación co evento.*

*7. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.*

*8. Presentarlle á Concellaría de Animación Sociocultural a memoria de actuación e a memoria económica conforme o estipulado no pacto décimo deste convenio.*

*9. Xestionar a reserva do Centro cultural de Valadares para a realización das xornadas e do festival inaugural, nas datas indicadas.*

*10. Cumprir as bases de participación nas Xornadas.*

*En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1.- Conceder directamente á Asociación Cultural Interfolc, unha subvención para a edición 2011 por importe de 25.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ó financiamento da programación, organización e execución das Xornadas de Danza e Música tradicionais galegas.*

*O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio farase segundo o seguinte detalle:*

*1. Un primeiro pagamento polo 50% do importe total, en concepto de pago anticipado, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.5100.16.3000092046 domiciliada en NOVACAIXAGALICIA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a sinatura do convenio e antes do inicio do festival. Este pagamento anticipado á entidade farase co fin de que esta poida facer fronte a unha serie de gastos que debe atender de forma previa á realización das xornadas, relativos á organización do evento (reservas de actuacións das agrupacións participantes, hoteis, desprazamentos das agrupacións, dietas, etc.), sendo necesario facer este pago a través da conta habilitada co fin de axilizalo, toda a vez que estes gastos ou ben non se poden pospoñer ou ben non é posíbel acadar as facturas necesarias ata o día das actuacións.*

*2. Un segundo e derradeiro pagamento polo 50% restante, que se efectuará por transferencia bancaria á mencionada conta, tras a xustificación das axudas.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.*

*Noveno.- A beneficiaria, tras o remate da actividade subvencionada e antes do fin do exercicio económico, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

*- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*

*- Conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*- As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 euros por execución de obra ou 12.000 euros no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Festas. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto*

*facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Os espectáculos incluídos nas xornadas serán destinados ao público en xeral, e o seu acceso será público e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do recinto do Centro cultural de Valadares, para o que a entidade beneficiaria realizará as oportunas invitacións; a fórmula para o seu reparto decidirase de mutuo acordo.*

*Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Festas e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio estabelécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.*

*As xornadas rexeranse polas bases de participación e convocatoria anual que se acompañan como Anexo I do presente convenio.*

*Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*Décimo noveno.- A concelleira de Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei*

*15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas-*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Festas do Concello de Vigo.*

*Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e na data que se indican.*

## ANEXO I: BASES DE PARTICIPACIÓN NAS XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS

*1. A Concellaría de Festas do Concello de Vigo organiza, en colaboración coa Asociación Cultural Interfolc as XII Xornadas de danza e música tradicionais galegas, que terán lugar os días 30 de outubro e 19 e 27 de novembro de 2011 no Centro cultural de Valadares.*

*O acto de presentación será o domingo, 30 de outubro, ás 19:00 horas.*

*O día 19 de novembro, sábado, actuarán seis agrupacións ás 17:00 horas e outras seis ás 20:00 horas.*

*O día 27 de novembro, domingo, ás 19:00 horas, terá lugar a final das xornadas.*

*2. Nestas xornadas poderán inscribirse todas aquelas agrupacións de danza e música galegas que o desexen e pertenzan a unha entidade legalmente constituída, sen ánimo de lucro. O grupo terá obrigatoriamente un mínimo de cinco parellas mixtas no escenario, e os seus compoñentes deberán ser maiores de 15 anos. Neste sentido o xurado poderá requirir a presentación dalgún documento de identificación de calquera das persoas participantes.*

*3. A solicitude de inscrición realizarase en impreso normalizado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Praza do Rei, s/n – 36202 VIGO) ou ao fax 986 22 16 66, ata as 13:30 horas do día 15 de outubro de 2011. O devandito impreso de solicitude poderase conseguir na oficina de Información do Concello de Vigo ou a través da páxina web www.vigo.org.*

*4. O comité organizador das xornadas terá por compoñentes tres membros da Asociación Cultural Interfolc e un técnico do servizo de Festas do Concello de Vigo. Este Comité seleccionará entre todas as solicitudes recibidas un total de doce agrupacións. Teranse en conta os seguintes criterios: calidade do grupo, experiencia nacional e internacional, participación noutros certames ou festivais, premios obtidos, número de compoñentes.*

*5. As agrupacións participantes comporanse necesariamente de corpo de baile e grupo de acompañamento, e vestirán todos eles o traxe tradicional. Ningún bailarín ou grupo de acompañamento poderá tomar parte nas xornadas con máis dunha agrupación; isto sería motivo de descualificación para as agrupacións implicadas.*

*6. Cada agrupación seleccionada bailará en dúas intervencións diferenciadas, cunha duración mínima de 3 (tres) minutos e máxima de 5 (cinco) minutos cada unha delas (o cómputo do tempo de cada peza iniciará cando soe algún instrumento ou voz de canto) e que deberán indicar no impreso de solicitude de inscrición, xunto co seu historial completo e detallado; non poderán ser cambiadas sen consentimento do comité organizador. As agrupacións que se clasifiquen para a fase final deberán cambiar unha das pezas obrigatoriamente.*

*7. A orde de actuación das doce agrupacións seleccionadas decidirase mediante sorteo público (ao que poderá asistir un representante por cada grupo) que se realizará na Casa do Concello o día 18 de outubro de 2011 ás 12:00 horas.*

*8. O xurado das xornadas será designado polo comité organizador e estará presidido pola concelleira de Festas do Concello de Vigo ou persoa en quen delegue. Como vogais actuarán catro persoas de recoñecido prestixio, relacionadas co mundo da danza e da música tradicionais galegos. Como secretario/a actuará un/unha empregado/a municipal designado/a polo comité organizador, con voz e sen voto.*

*9. O xurado valora de 0 a 10 puntos a cada agrupación e terá como base fundamental os seguintes criterios: calidade artística dos bailaríns, grao de dificultade e autenticidade das danzas interpretadas e do vestiario utilizado, valor interpretativo do grupo de acompañamento. Será motivo de descualificación non axustarse ós prazos de tempo estabelecidos para cada danza na base número 6.*

*10. O veredicto do xurado farase público ao remate da segunda quenda de actuacións, e pasarán á fase final as seis agrupacións que obteñan maior puntuación, que volverán actuar con dúas danzas o día da final seguindo rigorosamente a orde inicial. En caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente do xurado.*

*11. Os premios estabelecidos polo comité organizador serán os seguintes:*

*1º premio: 2.000 euros, medalla e diploma.*
*2º premio: 1.000 euros, medalla e diploma.*
*3º premio: 500 euros, medalla e diploma.*
*4º, 5º e 6º clasificados: accésit de 200 euros.*
*Premio especial ao mellor grupo de acompañamento: 300 euros.*
*Premio especial ao mellor vestiario de grupo: 500 euros.*
*Premio especial á mellor actuación de danza tradicional con coreografía arranxada: 1.000 euros.*

*O xurado non poderá deixar deserto ningún dos devanditos premios.*
*Estes premios estarán suxeitos á normativa fiscal que sexa de aplicación. O comité organizador aboaraos, mediante transferencia bancaria, nos quince días hábiles seguintes ó final das xornadas, así como os gastos de desprazamento. Co obxecto de realizar estes pagamentos, as agrupacións deberán achegar obrigatoriamente á solicitude de inscrición unha fotocopia compulsada do CIF e unha certificación bancaria.*

*12. O veredicto final do xurado farase público tras a actuación das seis agrupacións finalistas e da correspondente deliberación. A continuación entregaranse os premios.*

*13. O comité organizador aboaralle a cada agrupación participante de fóra do termo municipal de Vigo a cantidade de 300,00 euros en concepto de gastos de dietas e desprazamento e 150,00 euros no caso das agrupacións da cidade. Así mesmo, aboaráselles estas mesmas cantidades aos seis finalistas*

*pola segunda asistencia ao acto final. Os devanditos gastos deberán acreditarse cos correspondentes xustificantes.*

*14. A organización das xornadas declina calquera responsabilidade sobre os posíbeis accidentes ou danos que os participantes poidan sufrir durante a súa participación.*

*15. A mera solicitude de inscrición nas xornadas supón a aceptación plena das presentes bases. Así mesmo, os veredictos do xurado serán inapelábeis.*

*16. O comité organizador e o xurado quedan facultados para resolver as posíbeis controversias ou dúbidas que poidan xurdir na interpretación das presentes bases, así como para tomar iniciativas que contribúan ao bo desenvolvemento das xornadas.*

*17. Os espectáculos incluídos nas xornadas serán destinados ao público en xeral. O acceso ao recinto das actuacións será publico e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do dito recinto.*

*SOLICITUDE DE INSCRICIÓN*
*"XII XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS"*
*Centro cultural de Valadares.*

*NOME COMPLETO DO DIRECTOR/A*...............................................................................................

*ENDEREZO*…………………………………………………………………………..............................

*CONCELLO*......................................................*PROVINCIA* ....................................................................

*CP* ................*TELÉFONO MÓVIL / FAX* .................................. *CORREO* ............................................

*AGRUPACIÓN QUE REPRESENTA:* .........................................................................................

*DANZAS QUE INTERPRETARÁN:*

*1ªDANZA:* ...................................................................................................................................................

*HISTORIAL:*.......................................................................................................................................

.........................................................................................................................................

*2ªDANZA:* ...................................................................................................................................................

*HISTORIAL:*.......................................................................................................................................

.........................................................................................................................................

*HISTORIAL DO GRUPO ( De ser o caso de ser necesario, achegalo á parte):*

………………………………………………………………………………..........................................

……………………………………………………...................................................

…………………………………………………………………………………………........................................................

……………………

*Núm de compoñentes: ................. - Parellas de baile: ................. - Grupo de gaitas: ............. - Pandeireteiras: .......................*

*IMPORTANTE: ACHEGAR UNHA FOTO RECENTE DO GRUPO.*

*...................., .......... de ........................................... de 2011.*

*Sinatura*

*Para calquera aclaración, poden dirixirse á Concellería de Festas (teléfono 986 810 221, de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas ou ofi.festas@vigo.org)*

*NOTA.- Obrigatoriamente deberase acompañar esta solicitude coa COPIA COMPULSADA DO CIF e CERTIFICACIÓN DE TITULARIDADE BANCARIA.*

*Prazo de inscrición: ata o 15 de outubro de 2011*

**25(1155).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS. EXPTE. 4079/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.09.11, o informe de fiscalización de data 4.10.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 15.09.11, conformado polo concelleiro delegado da Área de Comercio, Turismo e PEMES, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión da subvención de:

a.- 4 bolsas para o periodo comprendido entre o 16 de novembro de 2011 e o 15 de novembro de 2012.(4bolsasx12mesesx900€/mes=43.200€). Cada bolsa importa 10.800€.

b.- 6 bolsas para o periodo comprendido entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2012, coincidindo coa temporada alta turística. (6bolsasX7mesesX900€/mes=37.800€). Cada bolsa importa 6.300€

2º.- Autorizar o gasto de 81.000€ que se imputará a partida 4320.4810000 “Transferencias a familias e institucións sen fin de lucro”, das que 5.400 € corresponderán ao presuposto de 2011 e 75.600 € ao presuposto de 2012.

3º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria, e na páxina web municipal.

*BASES XERAIS E CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURISTÍCOS (ANEXO I)*

*PRIMEIRA.- Obxeto da subvención.*

*O obxeto das bolsas ou subvencións a que se refiren as presentes bases reguladoras é a convocatoria de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos municipais.*

*O contido dos traballos a desenvolver como prácticas será o que segue:*

- *Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos da Concellería.*
- *Información ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo e ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas turísticas, gastronomía, espectáculos, feiras, festas, etc., así como calquera outras información que pola súa natureza ofreza atractivo para o visitante.*
- *Facilitar información e atención ó turista para o período estival: oficinas de información, bus turístico, puntos vermellos, atención a cruceiristas, oficina móbil, etc.*
- *Elaboración de estatísticas das oficinas de información e servizos turísticos, para recoller o perfil de visitante, medio de transporte, motivación da viaxe, tipo de aloxamento elixido, etc.*
- *Actualización do inventario de recursos turísticos.*
- *Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos emisores.*

*A condición de bolseiro/a non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Concello de Vigo ou calquera outra administración pública, polo que a concesión da bolsa non dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social. Os titulares da bolsa serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a obtención da debida formación profesional, sen que exista relación de servizos profesionais co Concello de Vigo e sen que a devandita axuda económica poda entenderse como unha contra-prestación dos traballos que, como prácticas, eventualmente se realicen. É dicir, trátase dunha disposición gratuíta de fondos públicos, en forma de axuda económica, para fomentar unha actividade de utilidade pública como é a mellora da formación dun sector de marcada importancia na economía local.*

*SEGUNDA.- Número, dotación e duración das bolsas.*

*Concederánse 4 bolsas para o periodo comprendido entre o 16 de novembro de 2011 e o 15 de novembro de 2012.(4bolsasx12mesesx900€/mes=43.200€).Cada bolsa importa 10.800€.*

*Asi mesmo, concederanse 6 bolsas para o periodo comprendido entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2012, coincidindo coa temporada alta turística. (6bolsasX7mesesX900€/mes=37.800€)*
*Cada bolsa importa 6.300€*

*O importe da axuda será obxeto das retencións fiscais previstas legalmente.*

*TERCEIRA.- Contía total e crédito orzamentario.*

*A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 81.000€ ( oitenta e un mil euros), que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 4320.4810000 "Transferencias a Familias e*

*Institucións sen fin de lucro" das que corresponderán ó ano 2011: 5.400€( cinco mil catro centos) e ó ano 2012: 75.600€( setenta e cinco mil seis centos). Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria, cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia.*

*CUARTA.- Compatibilidade da subvención.*

*A concesión das bolsas de estudios é incompatible con outras axudas de calquera outra administración pública de similar contido e alcance.*

*QUINTA.- Requisitos dos bolseiros/as*

*Ademais dos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei de Subvencións de Galicia, para poder optar ás bolsas, os interesados/as deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:*

- *Poderán optar ás bolsas de prácticas nas oficinas e servizos de información e promoción turística os/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, así como os Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas. A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 2000 ou con posterioridade á este data. Só poderán concorrer a esta convocatoria os/as solicitantes que reúnan estas condicións e sempre que nacesen con posterioridade ó 31 de decembro de 1978.*
- *Non poderán optar ás bolsas de prácticas as persoas nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei de subvencións de Galicia, para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recolle o dito artigo*

*SEXTA.- Obrigas dos beneficiarios.*

*Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométense á realización das prácticas con plena dispoñibilidade, de acordo coas indicacións e horarios que lles sinales a Xefatura do Servizo de Turismo e Comercio, cun límite de trinta e sete horas e media semanais. Todos os horarios estarán suxeitos a cambios, se as circunstancias o esixen e sen pasar nunca do límite mencionado.*

*Turismo de Vigo adxudicará os destinos, reservándose a facultade de adscribir ós bolseiros/as durante o período que abrangue a bolsa a unha oficina ou servizo diferente do primeiro ó que inicialmente se lle adscribira, se as circunstancias así o aconsellan.*

*O labor do/a bolseiro/a será incompatible con calquera outra actividade non recollida no seu plan de traballo.*

*Os/as adxudicatarios/as das bolsas comprométense, así mesmo, a entregar unha memoria dos traballos realizados ó finalizar o período da bolsa, así como a incorporar diariamente á base de datos municipal os datos estadísticos recollidos cada día durante o desenvolvemento do seu traballo.*

*Os traballos que os/as bolseiros/as puideran realizar durante a vixencia da bolsa de prácticas, así como a memoria final serán propiedade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito da súa publicación e utilización.*

*Os titulares das bolsas que resulten adxudicatarios/as, asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento da bolsa en cuestión, no que se precisarán cantas obrigas complementarias resulten necesarias para o adecuado cumprimento do fin da bolsa, particularmente as que permitan emitir a certificación de asistencias dos bolseiros.*

*Ós/ás bolseiros/as que o soliciten entregaráselles un certificado conforme realizaron as prácticas de referencia.*

*SETIMA.- Criterios de adxudicación da subvención e ponderación deles.*

*Primeiro.- A prelación entre as solicitudes para a adxudicación das bolsas farase en función dos resultados dos criterios de valoración, que se desenvolverán en tres fases:*

*a) Primeira fase: exercicio sobre coñecemento de Vigo.*
*b) Segunda fase: entrevista persoal.*
*c) Terceira fase: avaliación de méritos e titulacións.*

*Segundo.- Para a valoración dos méritos e titulacións alegadas, terase en conta o seguinte baremo:*

*1.- Nota media*

*Valorarase a nota media obtida ó longo dos estudios de turismo, do seguinte modo:*

| | |
|---|---|
| *Sobresaínte:* | *1 punto.* |
| *Notable:* | *0,5 puntos.* |

*2.- Cursos de formación en materia de turismo.*

*Cursos de Postgrado: (Máster de Turismo ou Doctorado en Turismo): 1 punto.*

*Valorarase, calquera curso impartido nun centro homologado e directamente relacionado co turismo, sempre que sexa dunha duración igual ou superior a 20 horas e o documento acreditativo defina os contidos impartidos no mesmo. Puntuación: 0,10 puntos por cada curso, ata un máximo de 1 punto.*

*3.- Idiomas*

*3.a) Por cada ciclo superado, na Escola Oficial de Idiomas, e acreditando a correspondente certificación, a seguinte puntuación:*
*Ciclo Básico: 0,5 puntos*
*Ciclo Intermedio: 1 punto*
*Ciclo Avanzado: 1 punto*
*A puntuación máxima acadada por idioma, neste apartado é de 2,5 puntos. Non se valoran os cursos só os ciclos.*

*3.b) Os méritos que se conteñen no seguinte cadro, valoraranse tal e como se indica, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma.*

| IDIOMA | TITULACIÓN | PUNTUACIÓN | |
|---|---|---|---|
| GALEGO | *Curso de iniciación de galego ou título homologado* | *0.25* | *Non acumulable* |
| | *Curso de Perfeccionamiento de galego ou título homologado* | *0.5* | |
| | *Curso de Especialización da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria* | *1* | |
| | *Estar a cursar unha Filoloxía distinta da Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa, ou unha titulación universitaria, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega (como por exemplo Maxisterio) tendo aprobadas dúas destas materias* | *1* | |
| | *Ter cursado nunha Filoloxía distinta da Galega ou Galego-Portuguesa, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura galega, ou ter cursado a Diplomatura en Maxisterio, tendo cursado dúas materias de Lingua e/ou Literatura galegas* | *0,5* | |
| | *Ter superado o primeiro ciclo da licenciatura de Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa* | *1* | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| INGLÉS | *First Certificate in English (FCE) University of Cambridge* | *0.5* | *Non acumulable* |
| | *Certificate in Advanced English (CAE) University of Cambridge* | *1* | |
| | *Certificate of Proficiency in English (CPE) University of Cambridge* | *1* | |
| | *Test of English as a Foreign Language (TOEFL) Certificate (550/213 pt)* | *1* | |
| | *Certificate of Competency in English (ECCE) Michigan University* | *0.5* | |
| | *Certificate of Proficiency in English (ECPE) Michigan University* | *1* | |
| | *Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como Segunda lingua estranxeira.* | *0.5* | |
| | *Licenciatura en traducción e interpretacion, habendo cursado inglés como Primeira lingua estranxeira.* | *1* | |
| | *Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – inglés* | *0.5* | |
| | *Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Inglesa* | *0.5* | *Non acumulable* |
| | *Licenciatura en Filoloxía Inglesa* | *1* | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| F R A N C É S | *Diplôme d`Études en Langue Française (DELF) 1er degré* | *0.5* | *Non acumulable* |
| | *Diplôme d`Études en Langue Française (DELF) 2eme degré* | *1* | |
| | *Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF)* | *1* | |
| | *Diplôme de Langue Française (DL) Alliance Française (AF)* | *0.5* | |
| | *Diplôme Supérieur d`Études Françaises Modernes (DS) Alliance Française (AF)* | *1* | |
| | *Diplôme de Hautes Etudes Françaises (DHEF) Alliance Française (AF)* | *1* | |
| | *Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Segunda lingua estranxeira* | *0.5* | |
| | *Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como Primeira lingua estranxeira* | *1* | |
| | *Diplomatura en Maxisterio, especialidade Lingua estranxeira – francés* | *0.5* | |
| | *Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Francesa* | *0.5* | *Non acumulable* |
| | *Licenciatura en Filoloxía Francesa* | *1* | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| A L E M Á N | *Zertifikat Grundstuffe III Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)* | *0.5* | *Non acumulable* |
| | *Zertifikat Deutsch als Fredmsprache (ZDaF) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)* | *1* | |
| | *Zentrale Mittelstufenprüfung (ZMP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)* | *1* | |
| | *Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)* | *1* | |
| | *Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)* | *1* | |
| | *Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Segunda lingua estranxeira* | *0.5* | |
| | *Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como Primeira lingua estranxeira* | *1* | |
| | *Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Alemana* | *0.5* | *Non acumulable* |
| | *Licenciatura en Filoloxía Alemana* | *1* | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| *I T A L I A N O* | *2º curso do Instituto Italiano de Cultura* | *0.5* | *Non acumulable* |
| | *3er curso do Instituto Italiano de Cultura* | *1* | |
| | *Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3) Università per Stranieri, Peruggia (USP)* | *0.5* | |
| | *Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4) Università per Stranieri, Peruggia (USP)* | *1* | |
| | *Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 2 (CILS 2) Università per Stranieri di Siena* | *0.5* | |
| | *Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 3 (CILS 3) Università per Stranieri di Siena* | *1* | |
| | *Certificado de Italiano come Lingua Due (IT2) Universitá di Roma 3* | *1* | |
| | *Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cur-sado italiano como Primeira lingua estranxeira* | *1* | |
| | *Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Italiana* | *0.5* | *Nonacumulable* |
| | *Licenciatura en Filoloxía Italiana* | *1* | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| P O R T U G U É S | *Diploma de Lingua Portuguesa (DILP) Universidade de Lisboa (UL)* | *1* | *Non acumulable* |
| | *Diploma Intermédio de Português Lingua Estrangeira (DIPLE)* | *0.5* | |
| | *Diploma Avançado de Português Lingua Estrangeira (DAPLE)* | *1* | |
| | *Diploma Universitário de Português Lingua Estrangeira (DUPLE)* | *1* | |
| | *Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estructurados en 2 niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)* | *0.5* | |
| | *Segundo nivel de Cursos de verán (Curso de férias) para estranxeiros, estructurados en 3 ou máis niveis, de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)* | *1* | |
| | *Curso de 1 ano lectivo de Portugués, Lingua Portuguesa, Lingua e Literatura Portuguesa ou Lingua e Cultura Portuguesa, para estranxeiros, en calquera universidade portuguesa* | *1* | |
| | *Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Portuguesa* | *0.5* | *Non acumulable* |
| | *Licenciatura en Filoloxía Portuguesa ou Galego- Portuguesa* | *1* | |
| | *Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa) ou Traducción onde consten 10 créditos* nas materias: Introducción á Lingua Portuguesa, Lingua Portuguesa, Lingua e Cultura Portuguesa ou Gramática Portuguesa. (* O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).* | *0.5* | |
| | *Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa)ou Traducción onde consten 15 créditos* nas materias anteriores. (* O crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente).* | *1* | |

3. *c) Non se valorarán estes cursos se non acreditan o número de horas. Para a acreditación destes méritos deberá aportarse certificación académica ou fotocopia compulsada das notas ou calificacións obtidas. Non se valorarán aqueles cursos de idiomas que non se acrediten deste modo e non se terán en conta como acreditación os documentos de autoliquidación de taxas para a obtención do título correspondente.*

*4.- Proba práctica e entrevista persoal*

*4.a) A proba práctica de coñemento de Vigo puntuarase con máximo de 1 punto.*

*4.b) Na entrevista persoal valorarase a motivación, a iniciativa, así como o trato persoal, cun máximo de 2 puntos.*

*5.- Experiencia*

*5. a) 0.40 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en oficinas de información turística, ata un máximo de 3 puntos.*

*O contrato de traballo ou certificado de prácticas deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballadas ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación por este concepto valorarase en función do número de horas traballadas ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederáselle 0.40 puntos por cada mes traballado a xornada completa, as xornadas inferiores a esta se valorarán proporcionalmente con aquela.*

*5. b) 0,30 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos, ata un máximo de 3 puntos.*

*O contrato ou certificado de prácticas ou traballo deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballados ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación, por este concepto, valorarase en función do número de horas traballados ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederanse 0,30 puntos, por cada mes traballado a xornada completa (80 horas), as xornadas mensuais inferiores a esta valoraranse proporcionalmente con aquela.*

*IMPORTANTE: os apartados a) e b) non son acumulables. O máximo de puntos é 3 incluíndo os dous apartados.*

*6.- Informática*

*Por cada curso de informática en centros recoñecidos, ata un máximo de 1 punto. 0,15 puntos.*

*Non se valorarán os cursos inferiores a 40 horas. Non se terán en conta os cursos de mecanografía e tampouco se valorarán aqueles que non especifiquen o contido e número de horas.*

*Terceiro.- No caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación no concurso, a selección realizarase mediante unha entrevista persoal cos/coas candidatos/as. A entrevista poderá incluír proba de coñececemento de idiomas, escrita ou oral.*

*Asemade, no caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación, terá prioridade aquel/a que non teña realizado prácticas con anterioridade na Concellería.*

*No caso de que, unha vez adxudicada a bolsa de estudios, xurdisen renuncias, adxudicaráselle automaticamente a axuda ó seguinte aspirante en puntuación, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas.*

*OITAVA.- Procedemento de concesión das bolsas.*

*O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas e o establecemento dunha prelación entre éstas, de acordo cos devanditos criterios de valoración. O procedemento se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.*

*NOVENA.- Prazo de presentación das solicitudes.*

*O prazo para presentar as solicitudes de concesión destas bolsas será de 5 días hábiles, contados desde o día seguinte a publicación da presente convocatoria e bases reguladoras no Boletín Oficial da Província.*

*DÉCIMA .- Solicitude e documentación.*

*As solicitudes serán presentadas preferentemente no Rexistro Xeral do Concello, no prazo arriba sinalado, e en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*
*As solicitudes que non se presenten no rexistro xeral do concello, deberán ser anunciadas por fax antes do día e hora de finalización do prazo:fax: 986810110.*

*A solicitude da bolsa implica o coñecemento e aceptación de todos os termos contidos nestas bases.*

*Os/as interesados/as presentarán as súas solicitudes acompañadas da seguinte documentación, por esta orde:*

- *Impreso de solicitude*
- *Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI*
- *Currículum vitae e fotografía.*
- *Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas para o mesmo período.*
- *Fotocopia compulsada do título ou do recibo do depósito do título.*
- *Certificación académica completa ou fotocopia cotexada na que se reflicta a nota global de cada curso.*
- *Certificación acreditativa de ter superada a proba de grao (reválida).*
- *Certificación ou fotocopia compulsada dos cursos superados na escola oficial de idiomas ou títulos equivalentes.*
- *Contrato de traballo ou certificado de prácticas, acreditativo da experiencia laboral en oficinas de información turística.*
- *Fotocopia compulsada de cursos de informática, especificando o número de horas e contido dos cursos en cuestión. Non se valorarán os inferiores a 40 horas.*
- *Declaración responsable do solicitante de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da bolsa das previstas no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- Subsanación da solicitude.*

*Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fóra incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será*

*requirido para que complete a documentación, ou amañe a falla, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.*

*A subsanación non acadará a supostos de alegación ex novo de méritos, só se valorarán os méritos alegados no prazo establecido para a presentación de solicitudes que non fosen correctamente acreditados, pero en ningún caso a documentación que supoña unha innovación respecto dos alegados dentro do referido prazo.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade.*

*a) Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.*

*A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.*

*b) Publicidade das subvencións concedidas.*

*As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.*

*As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos personais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.*

*As axudas serán publicadas, na páxina web www.vigo.org e expostas no taboleiro de anuncios do servizo de turismo, sito no décimo andar da Casa do Concello.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- Ordenación, instrucción e resolución do procedemento. Recursos.*

*A Concellería de Turismo e Comercio será a encargada da instrucción do procedemento de concesión das bolsas. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo concelleiro de Turismo e Comercio, A xefa de Servizo de Turismo e Comercio e un/ha funcionario/a da mesma área que actuará como secretario/a.*

*A Comisión de Avaliación publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, unha lista cos aspirantes admitidos e excluídos, con expresión neste último caso das razóns da exclusión. Os solicitantes excluídos poderán presentar, no prazo de 10 días a contar desde o seguinte a dita publicación, as alegacións que estimen pertinentes en relación a dita exclusión. Consonte co previsto no artigo 21,4 parráfo 6 da Lei de subvencións de Galicia farase constar no informe que, da documentación que obra no séu poder, se desprende que os solicitantes reúnen todos os requisitos necesarios para acceder ás bolsas.*

*A Comisión de Avaliación ademáis das probas citadas, poderá realizar proba de idiomas ós aspirantes admitidos.*

*A Comisión de Avaliación puntuará os méritos alegados polos candidatas/os conforme ó baremo previsto nas bases.*

*A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Turismo e Comercio, como órgano instructor, formulará proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte coa avaliación realizada e en orde a prelación resultante da valoración de méritos. Ista prelación permitirá que as catro primeiras candidatas/os obteñan as catro bolsas de maior duración e que as seguintes seis candidatas/os obteñan as restantes; de igual xeito, as seguintes candidatas conformarán a lista de reserva. Ista lista de reserva fornecerá as candidatas/os ás que se lles concerán as bolsas, de resultaren vacantes antes da fin do prazo da súa vixencia.*

*A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrucción e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

*A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

*Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.*

*As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de cinco días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Turismo e Comercio a aceptación ou renuncia das axudas. Transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderáse tacitamente renunciada a bolsa, que será concedida ao seguinte aspirante por orde de puntuación.*

*No caso de aceptación, achegarase a ésta certificación bancaria da conta onde se aboará a axuda de referencia ó titular da mesma.*

*Se, unha vez aceptada a bolsa, o adxudicatario renunciara a ela, deberá facelo de forma xustificada. En todo caso, se a renuncia se producise durante os quince primeiros días de disfrute da mesma, o beneficiario non terá dereito a percibir ningunha cantidade polo período de prácticas realizado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Xustificación da subvención.*

*A realización das practicas polos/as beneficiarios/as coa dilixencia debida e o cumprimento axeitado de tódalas obrigas previstas nestas bases e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia no que supletoriamente resulte de aplicación, reflictido en informe do responsable municipal do seguemento das bolsas, que será designado polo concelleiro de Turismo e Comercio, será título xustificativo do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*A memoria dos estudos e traballos realizados, asinado polo/a bolseiro/a, na que se especificarán o programa desenvolvido e os obxectivos acadados, deberá ser presentada no prazo dos quince días seguintes ó remate do prazo das prácticas.*

*DÉCIMO QUINTA.- Aboamento.*

*O pago efectuarase por mensualidades vencidas correspondendo a cada mensualidade a parte proporcional do importe total da bolsa. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co establecido na Lei 35/2006 de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas, e o seu regulamento de desenvolvemento.*
*Para o pagamento, o/a responsable do seguimento das bolsas que se designe, remitirá por meses naturais (antes do día 5 do mes natural seguinte) a Intervención Xeral Municipal:*
*a) Certificación de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios/as do programa, en base ao seguemento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas.*
*b) Informe das contías que se lle deben pagar aos/ás beneficiarios/as do proxecto en función dos días de asistencia.*
*O procedemento para o seu abono será, por analoxía, o previsto nas vixentes bases de execución presupostaria para o gasto de persoal, incorporándose iste na nómina única que se tramita mesualmente no Concello.*

*DÉCIMO SEXTA.- Cese nas prácticas e reintegro da bolsa.*

*Procederá o cese nas prácticas e o reintegro das totais cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes desde o momento de pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos previstos no artigo 33 LSG e, particularmente, nos seguintes casos, que teñen a consideración de incumprimentos graves:*

*1.- O incumprimento de calquera das obrigas previstas nas bases desta convocatoria.*
*2.- Non comezar no prazo que se sinale o desenvolvemento das prácticas.*
*3.- Non realizar as actividades previstas cun nivel de adicación satisfactorio.*
*4.- Non presentar a memoria acreditativa do traballo realizado.*
*5.- Fallas de puntualidade ou de asistencia reiteradas e non xustificadas.*

*A Xunta de Goberno Local acordará o cese nas prácticas e o reintegro das totais cantidades percibidas cos devanditos xuros de mora, a proposta do Servizo de Turismo e Comercio, previa audiencia do beneficiario e o informe negativo do incumprimento das obrigas por este.*

*Os incumprimentos polos beneficiarios das súas obrigas que non constitúan causa de cese nas prácticas e reintegro das totais cantidades percibidas darán lugar o reintegro parcial ou a non percepción parcial da subvención en función da entidade temporal das prácticas ás que afectan os incumprimentos.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- Infraccións e sancións.*

*As becas estarán suxeitas ó réxime de infraccións e sancións que, en materia de subvencións, establece a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*DÉCIMO OITAVA.- Tratamento de datos de carácter persoal.*

*Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actua-*

*cións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo e Comercio do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*

*DÉCIMO NOVENA.- Normativa de aplicación.*

*A presente convocatoria, ademais de polo previsto nas bases reguladoras que incorpora, rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2010, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**26(1156).- ROGOS E PREGUNTAS.**
Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.